ESCOLA · SVPERIOR · DE · CONSERVACION · E · RESTAVRACION · DE · BENS · CVLTVRAIS · DE · GALICIA ·

Mostra talleres 92-93

FICHA TECNICA

COLABORADORES:

[redacted]
Carrera Ramírez, Fernando
Fernández Caamaño, Rosa Mª
Fernández Muíño, Manuel
Fontal Alvarez, José
Hermo Sánchez, Carmen
Lorenzo Sueiro, Adelaida
Orrio Laborra, Teresa
Montojo Sánchez, Cristina Mª
Quinteiro Alonso, José Antonio
Romar Lema, Angel
Sobral Iglesias, Anton
Villarquide Jevenois, Ana María
[redacted]

Diseño Gráfico: CARMEN HERMO

MOSTRA TALLERES CURSO 92-93

Sáa da Caixa de Pontevedra

XUÑO DO 93

Os alumnos e profesores da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, presentan a primeira mostra dos traballos de restauración de distintas obras artísticas realizadas no Centro, no decorrer do presente curso.

Con esta iniciativa preséntaselles ós pontevedreses unha mostra da actividade da Escola, centro de formación dos futuros profesionais en restauración e foco, asimesmo de cultura, aberto á sociedade.

A creación desta Escola, a segunda existente en toda España, supuso un hito importante para Pontevedra que a historia ha valorar adecuadamente. A decisión de ubicar esta Escola na nosa cidade, ven refrenda-lo recoñecemento explícito da Xunta de Galicia á tradición cultural e artística de Pontevedra.

Organismos como o Museo e a Diputación Provincial impulsaron esta tradición. A institucionalización, polo Organismo Provincial, no ano 1925, baixo a Presidencia de Daniel de la Sota, dun sistema de becas, ten facilitado que importantes figuras da Arte puidesen realizar os seus estudios en Madrid ou París, supoñendo esta acción que Pontevedra fose abandeirada do movemento renovador artístico e cultural de Galicia no presente século.

Artistas de renome como Virxilio Blanco, Colmeiro, Maside, Laxeiro, Pintos Fonseca, Souto, Torres, Acuña, Uxio Souto, etc. Todos eles becarios da Diputación, son firmas que avalan esta renovación.

A unha nova renovación está asistindo Pontevedra nas postrimerías deste século, coa consolidación do seu iniciado Campus Universitario e de maneira concreta coa Facultade de Belas Artes e a Escola de Restauración que indiscutiblemente han marcar o seu futuro e que coa súa actividade han ser centros vivos de irradiación de cultura. Renovación que se une a tradición da Escola de Canteiros.

Esta mostra de traballos de restauración que agora se presenta, é unha acción máis entre as moitas que a Escola terá de levar a cabo. A calidade dos traballos realizados, é fidel reflexo do ben facer dos profesores e dos alumnos, un ben facer que os pontevedreses saberán agradecer e valorar adecuadamente.

Pontevedra, 2 de Xuño de 1993

José Luis Rodríguez García
DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA
DE EDUCACIÓN E ORDEN UNIVERSITARIA

A presentación deste Catálogo ten como finalidade poñer ó público en contacto directo có Conservador-Restaurador de Bens Culturais.

O Compromiso da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais coa cultura galega é a formación dos profesionais que van actuar directamente sobre obxectos orixinais irremprazables, a miúdo únicos e de gran valor artístico, relixioso, histórico, científico, cultural, social ou económico; sinala a diferencia entre esta profesión e aquelas puramente artísticas ou artesanais, xa que o conservador-restaurador non crea obxectos culturais novos.

Polo tanto, o obxecto final e fundamental é atender ás necesidade de formación dos futuros profesionais, facendo énfase na interdisciplinariedade dos coñecementos requiridos e na profundización nos contidos técnicos, orientados cara á utilización da máis alta tecnoloxía. Todo isto, a fin de conseguir unha formación integral que, reflexando o nivel superior no que se inscriben estas ensinanzas, mellore a capacidade dos profesionais para aplica-los criterios que presidirán as actuacións sobre os Bens de interese cultural. Do criterio e acertada actuación deste novo técnico-especialista dependerá, en gran medida, a preservación do Patrimonio Histórico.

Neste Mostra pódese comprobar o traballo realizado polos alumnos da Escola sobre obras reais, o que require unha actividade docente de especial atención por parte dos profesores, os cales coidan que este aprendizaxe se faga con garantías de calidade para satisfacción de todos.

Como representante desta comunidade escolar agradezo os esforzos de cantas persoas fixeron posible esta Mostra que é básica para que a sociedade teña unha mellor información.

D.ª ADELAIDA LORENZO SUEIRO
DIRECTORA DA ESCOLA SUPERIOR DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS

ESPECIALIDADE DE ESCULTURA

Rosa F. Caamaño

Pezas en proceso de restauración

Dende o mesmo momento no que se conclúe a realizacion da obra de arte, na que debemos considerar tanto a materia coma o valor histórico e a intención estética, comeza o seu período de alteracións, que está directamente relacionado cos factores intrínsecos e extrínsecos da mesma.

Existen dous criterios fundamentais para o seu tratamento, complementarios, conservación e restauración, que se desenvolven coma ciencia a partir do século XIX, cando a física, a química e as ciencias naturais permiten o coñecemento dos mesmos.

Case sempre nos chegan as obras no momento no que é necesario levar a cabo un tratamento de restauración, por ter perdido parte da súa unidade ou pola posibilidade dunha perda total da súa estructura, o que imposibilita que cumpran algunha das funcións para as que se crearon. Nosa finalidade e repoñer, na medida do posible, estas funcións, co máximo respecto e seguindo uns principios establecidos e aceptados unanimemente por tódolos restauradores, que se condensan na mínima intervención e en que esta sexa recoñecible, reversible e documentada.

Para recupera-la unidade da obra en tódalas súas facetas: material, histórica e estetica, requírese unha ampla formación coa que poder analizar tanto o seu significado histórico e estetico coma os materiais que a compoñen, a sua interrelación, a sua relación co medio, os deterioros que estes producen, os distintos tipos de deterioro, como tratalos, como evitar que se produzan novos deterioros, así como os novos materiais que se van introducir o facer unha restauración, etc.

Por todo isto, o estudio doutras materias forman necesariamente parte da formación dos alumnos.

Así, e asumindo a necesidade de se manter ó día no coñecemento de novas investigacións, e posible recupera-la lexibilidade da obra e non dificultala ou destruíla, como é o caso de "RESTAURACIÓNS" feitas por persoas non especializadas.

Con estos criterios, os alumnos de Técnicas de Conservación e Restauración de Escultura levaron adiante, na escola, a restauración de catro pezas de madeira policromada, cedidas polo Mosteiro de Poio e sobre as que realizan a súa aprendizaxe.

As obras amosaban todo tipo de problemas; deterioros do soporte: gran cantidade de galerías producidas por insectos xilofagos que converteron a madeira nun material esponxoso, non cumprindo xa a sua función de soporte, gretas, fendas, ensamblaxes abertas, unións defectuosas, ferruxes, queimaduras, perdas de fragmentos, etc. Tamen a preparación e a película pictórica presentaban graves problemas: pulverulencias, levantamentos, perdas, así como policromías posteriores, barnices oxidados e grandes acumulacións de suciedade que imposibilitaban a súa correcta lectura.

ALUMNOS DE 1.º CURSO ESPECIALIDADE ESCULTURA

SUSANA ARA POCEIRO
ALBERTO S. CONDE ALVAREZ
LEONCIO FEIJOO LAMAS
SUSANA FERNANDEZ BANET
ELENA FONTOIRA MARZIN
M.ª JOSE GARCIA GARCIA
M.ª ISABEL HERVES REY
M.ª LUISA JUSTO MIRAS
ALFONSO ANTONIO MONTERO GONZALEZ
M.ª JOSE PEREIRA ROSALES
ANTONIO D. DEL RIO LOPEZ

O noso traballo consistiu no estudio dos materiais constitutivos da obra a través das análises oportunas para poder emprendelos distintos tratamentos: desinsección, recuperación da consistencia da madeira devolvéndolle a súa función de soporte, desmontaxe, resanado e reaxuste das ensamblaxes, recheo de gretas, rexeneración de aglutinantes, fixado ou sentado de policromía, eliminación de policromías posteriores á súa creación de menor calidade, limpeza, reintegración e protección final, sempre cos materiais e tecnicas axeitadas a cada caso, así como as recomendacións das condicións necesarias para a sua futura conservación, deixando constancia de todo iso nun amplio informe tecnico.

Dese modo, asúmense as funcións do restaurador diante da obra de arte: examinar para coñecer, conservar para previr futuras restauracións e restaurar nos casos necesarios para devolver á obra a súa unidade, o seu significado.

ESPECIALIDADE DE PINTURA

Teresa Orrio

TITULO: *SAN XEROME*
MEDIDAS: *137 x 105,5 cm.*
TECNICA: *OLEO SOBRE LENZO*
AUTOR: *ATRIBUIDO A PEDRO ORRENTE*
PROPIEDAD: *MUSEO DO PRADO, ACTUALMENTE DEPOSITADO NO MOSTEIRO DE POIO.*



A conservación do patrimonio cultural é problema que atinxe a tódolos pobos. É un legado de inapreciable valor que nos amosa as etapas polas que pasou a cultura ata os nosos días e nos fai lembrar que os logros de hoxe son posibles gracias ó saber e ó traballo dos que nos precederon. Así poderíase dicir que é unha obriga a que temos de conservar estas obras o mellor posible, xa que representan un valiosísimo arquivo para a comprensión da nosa actualidade.

A restauración leva consigo a conservación da materia, que é a portadora da imaxe, e a reanimación absorbe o termo conservación e ademais vai mais lonxe, pois non soamente ten por mision manter aquela, senon que ten de acadar o máis posible, devolvela súa imaxe orixinal.

LORETO, ALONSO SANTORO

M.ª DEL CARMEN, BARRON LOPEZ DE RODA

MARTA, BECERRO MANSO

APOLINAR, BOLAÑO PIÑEIRO

MARIA, CARBONELL QUETGLAS

MARTA, DOMINGUEZ TOJO

M.ª MILAGROS F., PASCUAL DE R. TORRES

M.ª JOSE, RUIZ VAZQUEZ

GONZALO, SELLES LENARD

DIEGO, TASENDE SOUTO

O restaurador diante da obra de arte, debe se sentir como espectador, crítico e operador. As tres situacións deben se relacionar por orde xerárquica, a derradeira debe estar condicionada ás outras dúas.

Para nos, a conservación é un concepto moderno, nacido á sombra dos avances das ciencias experimentais aplicadas con este fin ós bens culturais. Filoloxicamente, a verba conten unha idea estética: conservar é paralizar, deter os procesos de avellentamento natural ou de deterioro das materias, e pódese aplicar a calquera obra ou monumento que teña un significado historico ou estético. A restauración ten un sentido distinto: significa devolverlle á obra, na medida do posible, o seu significado documental ou experimental ou ámbolos dous ó mesmo tempo.

A arte da conservación e restauración de obras de arte, conta actualmente coa poderosa axuda de novos métodos de investigacion, que permiten un coñecemento profundo da obra de arte para poder chegar ó fondo do problema e así atopa-lo tratamento máis axeitado para a súa perfecta conservación.

ESPECIALIDADE DE ARQUEOLOXÍA

Fernando Carrera

ALUMNOS DO PRIMEIRO CURSO DA ESPECIALIDADE DE ARQUEOLOXIA

O Obradoiro de Arqueoloxía

O campo de obxectos e materiais que se tratan na especialidade de Arqueoloxía é considerablemente amplo: enténdese que inclúe todos aqueles bens, de caracter moble ou inmoble.., que se exhumaron con metodoloxía arqueoloxía. Polo tanto, nun sentido estricto, a especialidade abrangue unha grande cantidade de obxectos, materiais e técnicas, realizados durante calquera das fases que marcan o noso desenrolo cultural.

Tradicionalmente, a arqueoloxía, ven traballando con maior teima nas fases culturais máis antigas (prehistoria, protohistoria, historia antiga) e facendo menor fincapé nas máis próximas (H-a medieval, moderna e contemporánea). En consecuencia, a práctica da restauración arqueoloxica céntrase en obxectos desas fases máis antigas e dentro do noso ámbito xeografico e cultural. Desas culturas descoñecemos con frecuencia amplas facetas do seu desenrolo técnico e intelectual, e esta anotación é moi importante en tanto que condiciona a nosa posición diante dos obxectos que tratamos.

En efecto, ditos obxectos acostuman ser portadores de relevante información sobre diversos aspectos históricos, e esa información debe ser protexida. Se o estudio da peza e o seu posterior tratamento se desenrolan con criterios axeitados, calquera restauración aportará elementos que amplian o coñecemento sobre o obxecto, material, técnica ou cultura que se tratase. A nosa posición diante da conservación de obxectos arqueolóxicos debe ser a dun absoluto respecto por todo aquilo que poida ser interpretado como dato de carácter histórico, incluíndo a mesma modificación do obxecto ó longo do tempo (a pátina como elemento de autenticidade).

Proceso de limpeza dun mosáico romano.

A disciplina central do curso é prácticas, que ocupa un 50 % do horario, onde se explican os tratamentos de conservación axeitados a cada obxecto e, sobre todo, levanse a cabo prácticas sobre pezas orixinais.

Paralelamente, existen outras materias que veñen a aportar coñecementos necesarios para o futuro restaurador: **Técnicas,** onde se estudian as formas tradicionais de realización de Bens Culturais; **Debuxo,** onde se aprende a representar graficamente todo tipo de material arqueolóxico; **Moldeado e baleirado,** onde se experimentan utiles técnicas que se empregarán como parte de tratamentos de restauración, e **Arqueoloxía,** que estudia as diversas culturas que ocuparon o noso territorio. Finalmente existen outras disciplinas comúns a tódalas especialidades (Química, Iconografía, Antropoloxía) que completan esa formación técnica e interdisciplinar que se pretende.

Perda de verniz en cerámica "Terra Sigillata".



Sección dun vidro: proceso de desvitrificación.



Alteración das teselas en Mosaico.

Perdas en capa pictórica en pintura Mural Romana.

Diversas alteracións vistos Baixo Binocular (30 x 50 apróx.)

No primeiro curso de especialidade (Prácticas) estudianse a práctica totalidade dos materiais inorgánicos (coa excepción dos metais): todo o grupo de cerámica e afins (porcelana, cerámica vidrada, azulexos, etc); a pedra, tanto como material de construcción coma na realización de obxectos mobles, o vidro; o mosaico; a pintura mural, que con frecuencia é un achado arqueolóxico; os depósitos arqueolóxicos, como grandes espacios inmobles onde poden estar presentes numerosos tipos de materiais .

Preténdese acadar que, diante dun obxecto, o futuro restaurador sexa capaz de desenvolver un estudio crítico que abranga:

- Un establecemento preciso do estado de conservacion do obxecto.

- Unha explicación razoada das causas dese estado (identificación de procesos de alteración).

- Unha proposta coherente do tratamento de conservación a realizar, xustificada teoricamente.

Para iso, á parte duns coñecementos teóricos, cumpre a realización dunha serie de prácticas de obradoiro. A limitación temporal do curso impide que todolos materiais dos cales os sistemas de conservación se explican, sexan efectivamente tratados no taller (alomenos na súa totalidade). Neste curso traballouse sobre doce obxectos cerámicos, a maioría de orixe romano e que se exhumaron en escavacións levadas a cabo nas cidades de Lugo e A Coruña. Así mesmo tivemos tratado unha colección de vidro moderno (Século XVII) procedente de Lugo e restos de Mosaico Romano da mesma cidade.



Peza de "terra sigillata" tras da restauración.

ALUMNOS DE 1.º CURSO ESPECIALIDADE (ARQUEOLOXÍA)

CORAL INES ALONSO BLAZQUEZ

M.ª DOLORES ALVAREZ REY

MAGDALENA FERNANDEZ REQUEJO

MARIA GARCIA-ALEN GARCIA

M.ª ISABEL GARCIA-GALAN RUIZ

JOSE LUIS MENDEZ FERNANDEZ

MONTSERRAT SANCHEZ MAZAS

M.ª ROSARIO TOYOS ACUÑA

OUTROS TALLERES

Primeiro Curso

PROCEDEMENTOS E TÉCNICAS ARTÍSTICAS

Carmen Hermo

"... Toma agora un pucheiro novo, que non estexa engrasado, e mellor se é vidriado. Corta un de eses panes de xeso en anacos delgados, como se fose queixo e pon os anacos no pucheiro. Logo botas-lle a cola; e ca man vai desfacendo o xeso, coma se fixeras masa para buñuelos, lisa e destramente; sin facer espuma ..."

Despois de ler este fragmento pertencente a un entrañable documento, ainda vixente dende finais do século XII, escrito polo mestre Cennino Cennini, titulado "Tratado sobre pintura", poderiamos pensar que estamos a falar dunha receta de cociña, e certamente así é, posto que a cociña é unha das actividades realizadas na formación de restauradores. Sorprendentemente tamen chaman-se restauradores os adicados a hostelería, mais non teñen nada en común cos da nosa escola, a escepción do ben facer de todos eles adicado o deleite da humanidade. Pero a cociña dominada polo restaurador de obras de arte, consiste no coñecemento profundo dos materias e técnicas empregados polos artistas de calquera século.

A formación dun restaurador ten que ser a mais completa posible polo cal ademais de coñocementos de historia, física e química, bioloxía, informática, fotografía, museoloxia e as propias de restauración, ten que ter sendos coñecementos sobre as técnicas e os procedementos empregados nas obras que teñan que restaurar. Éste iria desde a manfactura dos materiais artisticos ata a perfeita elaboración dunha obra "a maneira de" calquera dos famosos artistas facedores do noso patrimonio artístico.

Se ben é certo que a maioria dos procedementos e das técnicas non son aplicables as propias da restauración, non temos maneira mellor de coñécemento do que se vai restaurar, que facendo-o igual que o fixo o artista. Ademais de conseguir un dominio da cor e do volumen, faceremonos pouco a pouco cun material de simulación sobre o que experimentar sin riscos. Ainda que as veces, eses cadros ou esculturas, feitos polos alumnos desta escola, estexan mais pertos de ser obras de arte que non unha mera coballa de laboratorio.

TECNICAS DE CONSERVACION E RESTAURACION

Ana Villarquide

Sendo premisa da Restauración e Conservación o respeto pola obra de arte así como a delicadeza en calquera intervención, non só naqueles tratamentos que semellen ter máis dificultade, o curso de primeiro de Conservación e Restauración inicia ós alumnos na complexidade destes tratamentos segun sexan os materiais compoñentes da obra, as súas técnicas executivas e as súas alteracións. Neste curso proponse unha visión global dos problemas máis frecuentes nas obras, as súas causas e as posibles solucións, tendo así un primeiro contacto co instrumental e os materiais, tanto da obra coma os específicos para o seu tratamento, e facilitando así o coñecemento do seu comportamento e adecuación ó fin perseguido.

As intervencións fanse sobre supostos, non sobre obras reais, xa que esto permítenos simular alteracións e incluso comprobar coma certas solucións non son as axeitadas, cousa que sería imposible de facer ca obra real.

Todas estas vías levan a ter sempre presente a necesidade dos análises previos, a imprescindible seguridade na actuación así como a ser conscientes dos diversos medios existentes, escollendo sempre os máis respetuosos.

É tamén importante a realización de todos aqueles grupos de intervención máis relevantes en escultura, pintura ou arqueoloxía, tendo así os alumnos unha ampla visión da Restauración e os suficientes criterios para elexir unha especialidade concreta á cal adicaránse nos seguintes anos.

XACOBEO 3
GALICIA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E PORTAVOZ DO GOBERNO

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA